

OS PROBLEMAS DAS MONTAÑAS

As montañas galegas teñen un gran valor xeolóxico, ambiental e paisaxístico, e conservan elementos biolóxicos e etnográficos únicos. Tamén están ocupadas e explotadas pola poboación desde os tempos máis antigos, polo que as pegadas humanas foron producindo transformacións ao longo dos tempos: asentamentos, cultivos, explotación de recursos (rochas e minerais, caza, madeira, froitos...). Nos últimos tempos o abandono das actividades tradicionais, a introdución de novas e máis intensas formas de explotación (canteiras, parques eólicos, plantacións de especies forestais alóctonas...) xunto co despoboamento e o avellentamento da poboación está a producir grandes impactos que en moitos casos poñen en perigo o valor e singularidade destas áreas.



O **exceso de presión** turística e as actuacións de persoas desaprensivas producen impactos sobre lugares sensibles: lixo, destrución da vexetación con vehículos todo terreo, pintadas...

O **lume** é unha praga que asola os montes desde hai máis de coarenta anos. Destrúe os ecosistemas, os recursos e propiedades, pon en perigo vidas humanas e acaba por eliminar totalmente o solo co conseguinte risco de inundacións.



Canteira de lousas en Carballeda de Valdeorras

As **explotacións mineiras** afectan negativamente ás áreas nas que se asentán, xa que modifican e alteran a paisaxe coa apertura de viais, excavacións, escombeiras...

Fiais, unha poboación abandonada na serra do Cereixedo (Quiroga).

O illamento, a falta de rendabilidade das explotacións conlevan o avelentamento e perda de poboación, e nalgúns casos ao abandono definitivo dos asentamentos que repercute negativamente na conservación e no coidado do monte.



Os **parques eólicos** precisan de infraestruturas, camiños e terrapléns que producen cambios no terreo, destrúen especies vexetais, afectan á paisaxe, producen ruidos...



A **introdución de especies alleas** ao ecosistema rompe o equilibrio natural impedindo o desenvolvemento das especies propias da zona.

